



## PRESENTACIÓN

AGADEA poñemos en marcha o *Curso superior de atención especializada na enfermidade do alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas*, dirixido a profesionais, estudantes do sector sociosanitario e cuidadores non profesionais.

O curso ten unha duración total de 270 horas. A parte teórica, de 150 h. empeza o **13 de febreiro e remata o 16 de abril**. Unha vez superada esta parte realízanse as prácticas, segundo dispoñibilidade da entidade.

Con este curso lograrás desempeñar a túa profesión con todos os coñecementos teóricos e prácticos necesarios para que o teu labor alcance a excelencia profesional. Obterás os fundamentos para realizar o teu labor coas bases científicas necesarias e as prácticas imprescindibles nunha entidade con máis de 25 anos de experiencia.

- Sesións teóricas en liña e a través de zoom
- Prácticas garantidas
- Profesores expertos

Curso incluído **na Carteira de Servizos** baixo ou epígrafe '0201 Carteira de servizos para persoas dependentes con Alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas': *Todos os perfís profesionais identificados nesta carteira de servizos socias para persoas con Alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas deben ter unha formación mínima de 150 horas.*

Este curso conta coa certificación de **Curso de Interese Sanitario, outorgado pola Xunta de Galicia.**

**ASOCIACIÓN GALEGA DE AXUDA AOS ENFERMOS CON DEMENCIA  
TIPO ALZHÉIMER**

**Sede: Rúa Salgueiriños de Arriba, 15 | 15706 | Santiago de Compostela  
agadea@agadea.org | www.agadea.org | 981 595 738 I 647 589 725**



## ESTE CURSO ESTÁ DIRIXIDO A:

Está dirixido a profesionais, estudantes do sector sociosanitario e persoas cuidadoras.

## MODALIDADE DE REALIZACIÓN DO CURSO

### PARTE TEÓRICA

**Do 13 de febreiro ao 16 de abril.**

A parte teórica é ON-LINE, a través da plataforma de e-learning MOODLE instalada na web de AGADEA [www.agadea.org](http://www.agadea.org), na pestaña de FORMACIÓN.

O temario está formado por 8 módulos. Cada módulo ten unha duración dunha semana. Cada módulo conta con cun caso práctico e un exame tipo test.

Cada módulo conta cunha clase por zoom e unha titoría. Esta clase será subida á plataforma para poder acceder a ela en calquera momento.

O alumnado poderá contactar co profesor polo foto-chat da plataforma ou consultar dúbidas no mail: [formacion@agadea.org](mailto:formacion@agadea.org)

### PARTE PRÁCTICA

O curso ten 120 horas prácticas que son opcionais para aquelas persoas con falta de dispoñibilidade horaria por estar empregadas (deberá xustificarse esta circunstancia) .

As prácticas pódense realizar nas diferentes localizacións onde a asociación exerce a súa actividade (Santiago de Compostela, Ribeira e A Estrada, Vedra, Cuntis, Boiro, Aguiño ou Teo), segundo dispoñibilidade da entidade.

**ASOCIACIÓN GALEGA DE AXUDA AOS ENFERMOS CON DEMENCIA  
TIPO ALZHEÍMER**

**Sede: Rúa Salgueiriños de Arriba, 15 | 15706 | Santiago de Compostela  
[agadea@agadea.org](mailto:agadea@agadea.org) | [www.agadea.org](http://www.agadea.org) | 981 595 738 I 647 589 725**



## OBXECTIVOS

Cando unha persoa asume a responsabilidade de coidar a un enfermo gran dependente enfróntase a unha tarefa que non é doada. Para facela máis fácil é necesario adquirir a formación específica que permita artellar as respostas axeitadas en cada intre, tanto no eido dos coidados formais como informais.

O Curso superior de atención especializada na enfermidade do Alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas ten como obxectivo proporcionar a formación necesaria que precisan aquelas persoas que día a día traballan con persoas que padezan esta patoloxía.

- Ao finalizar o curso o alumno será capaz de: coñecer en profundidade e todo o que implica a enfermidade de Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas.
- Valorar e aplicar os aspectos máis beneficiosos para que as persoas con esta doenza manteña unha boa calidade de vida a nivel físico e emocional
- Axudar a preservar a saúde e o coidado das persoas con Alzhéimer.
- Desenvolver o amplo abanico de tarefas que poderá levar cabo como coidador profesional.

Entre os obxectivos está:

- Adestrar os/as participantes do curso das ferramentas precisas para facer fronte aos coidados específicos a persoas que padecen Alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas.
- Capacitar aos alumnos/as na abordaxe multidisciplinar no diagnóstico e tratamento das demencias nos diferentes niveis asistenciais.

**ASOCIACIÓN GALEGA DE AXUDA AOS ENFERMOS CON DEMENCIA  
TIPO ALZHÉIMER**

**Sede: Rúa Salgueiriños de Arriba, 15 | 15706 | Santiago de Compostela  
agadea@agadea.org | www.agadea.org | 981 595 738 I 647 589 725**



## TEMARIO

### **MÓDULO I. Introducción á enfermidade do Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas.**

Adquirir aqueles coñecementos que se precisan acerca do Alzheimer e das diferentes tipoloxías de demencias existentes.

- Introducir aos/as alumnos/as na temática a impartir.
- Identificar e distinguir os diferentes tipos de demencias así como de diferenciarlas da enfermidade do Alzheimer.

### **MÓDULO II. Familia e cuidador familiar de persoas con Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas.**

Desenvolver no/a alumno/a os coñecementos necesarios acerca do rol que desempeñan as familias sobre as persoas que padecen a enfermidade do Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas, así como as aptitudes e comportamentos de apoio moral ao cuidador/a principal e coñecer o seu perfil.

### **MÓDULO III. Estimulación Cognitiva na Enfermidade de Alzheimer e outras Demencias Neurodexenerativas.**

Adquirir aqueles coñecementos necesarios acerca da conceptualización da estimulación cognitiva así como as diferentes estratexias que a conforman e as recomendacións metodolóxicas precisas para poder desenvolve-la.

### **MÓDULO IV. Comunicación e intervención en problemas de comportamento na enfermidade de Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas.**

Adquirir os coñecementos necesarios sobre a comunicación e os seus procesos así como comprender cómo se desenvolve a comunicación nos enfermos de Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas e desenvolver estratexias para a súa mellora.

**ASOCIACIÓN GALEGA DE AXUDA AOS ENFERMOS CON DEMENCIA  
TIPO ALZHEIMER**

**Sede: Rúa Salgueiriños de Arriba, 15 | 15706 | Santiago de Compostela  
agadea@agadea.org | www.agadea.org | 981 595 738 I 647 589 725**



### **MÓDULO V. Intervención do Terapeuta Ocupacional con Persoas con Enfermidade de Alzhéimer e outras Demencias Neurodexenerativas.**

Adquirir os coñecementos necesarios acerca do perfil do terapeuta ocupacional e desenvolver as aptitudes precisas para coñecer o papel que debe levar a cabo á hora de intervir con persoas con Enfermidade de Alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas.

### **MÓDULO VI. Aplicacións Prácticas de Fisioterapia en Alzhéimer e noutras Demencias Neurodexenerativas.**

Adquirir os coñecementos precisos acerca dos cambios físicos na idade anciá así como as alteracións físicas en enfermos de Alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas; deberá adquirir tamén as competencias básicas sobre persoas con déficit de mobilidade e o masaxe básico.

### **MÓDULO VII Afectividade e Sexualidade na Vellez e na Enfermidade de Alzhéimer e outras Demencias Neurodexenerativas.**

Coñecer as necesidades afectivas e os prexuízos sexuais existentes na vellez así como as condutas sexuais nas persoas enfermas de Alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas e o modo de intervir.

### **MÓDULO VIII Aspectos Sociais no Mundo Da Enfermidade de Alzhéimer e Outras Demencias Neurodexenerativas.**

Adquirir os coñecementos necesarios no marco socioeconómico e legal da enfermidade do Alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas e a súa contextualización

**ASOCIACIÓN GALEGA DE AXUDA AOS ENFERMOS CON DEMENCIA  
TIPO ALZHÉIMER**

**Sede: Rúa Salgueiriños de Arriba, 15 | 15706 | Santiago de Compostela  
agadea@agadea.org | www.agadea.org | 981 595 738 I 647 589 725**

## CRONOGRAMA

Febrero 2023						
	Lu.	Ma.	Mi.	Ju.	Vi.	
			1	2	3	
	6	7	8	9	10	
	13 MÓDULO I Docente: Alba Iglesias	14 MÓDULO I	15 MÓDULO I	16 MÓDULO I	17 MÓDULO I	
	20 MÓDULO II Docente Alba Iglesias	21 MÓDULO II	22 MÓDULO II	23 MÓDULO II	24 MÓDULO II	
	27 MÓDULO III Docente Estefanía Calvelo	28 MÓDULO III				

Marzo 2023						
	Lu.	Ma.	Mi.	Ju.	Vi.	
			1 MÓDULO III	2 MÓDULO III	3 MÓDULO III	
	6 MÓDULO IV Docente Taida Sánchez	7 MÓDULO IV	8 MÓDULO IV	9 MÓDULO IV	10 MÓDULO IV	
	13 MÓDULO V Estefanía Calvelo	14 MÓDULO V	15 MÓDULO V	16 MÓDULO V	17 MÓDULO V	
	20 MÓDULO VI Adriana Curros	21 MÓDULO VI	22 MÓDULO VI	23 MÓDULO VI	24 MÓDULO VI	
	27 MÓDULO VII Taida Sánchez	28 MÓDULO VII	29 MÓDULO VII	30 MÓDULO VII	31 MÓDULO VII	

**ASOCIACIÓN GALEGA DE AXUDA AOS ENFERMOS CON DEMENCIA  
TIPO ALZHEIMER**

**Sede: Rúa Salgueiriños de Arriba, 15 | 15706 | Santiago de Compostela  
agadea@agadea.org | www.agadea.org | 981 595 738 I 647 589 725**



Abril 2023						
	Lu.	Ma.	Mi.	Ju.	Vi.	
	3	4	5	6	7	
	10 MÓDULO VII Laura Somoza Lucía Fandiño Sonia Castro	11 MÓDULO VII	12 MÓDULO VII	13 MÓDULO VII	14 MÓDULO VII	
	17	18	19	20	21	
	24	25	26	27	28	

## PROFESORADO

**Docente: Dna. Taida Sánchez Rego.** Graduada en Psicología. Neuropsicóloga.

**Docente: Dna. Alba Iglesias.** Graduada en Psicología. Especializada en Psicoxerontología

**Docente: Dna. Estefanía Calvelo Muñiz .** Graduada en Terapia Ocupacional

**Docente: Dna. Laura Somoza Moure.** Graduada en Trabajo Social

**Docente: Dna. Adriana Curros Amboage.** Diplomada en Fisioterapia

**Docente: Dna. Lucía Fandiño Viqueira.** Graduada en Trabajo Social

**Docente: Dna. Sonia Castro Aboy.** Graduada en Trabajo Social

**ASOCIACIÓN GALEGA DE AXUDA AOS ENFERMOS CON DEMENCIA  
TIPO ALZHEIMER**

**Sede: Rúa Salgueiriños de Arriba, 15 | 15706 | Santiago de Compostela  
agadea@agadea.org | www.agadea.org | 981 595 738 I 647 589 725**



## ACREDITACIÓN

Unha vez realizado e superados o exame se entrega un certificado expedido pola AGADEA ALZHEIMER.

## COSTE DO CURSO

### **CURSO COMPLETO 200 €**

Pago único antes do comezo do curso, o 13 de febreiro .

Prezos especiais para socios/as, estudantes, persoas en prácticas e persoas en situación de desemprego. 150€

- **Pagar por TRANSFERENCIA** A IBAN ES07 2080 0378 5730 4000 5297

No concepto do ingreso indicar o nome con apelidos e a continuación “ Curso Superior Alzhéimer” (exemplo María Castro Curso Superior Alzheimer)

E mandar xustificante a [formacion@agadea.org](mailto:formacion@agadea.org)

- **A través de Paypal**

Mandar xustificante a [formacion@agadea.org](mailto:formacion@agadea.org)

Calquera dúbida, consúltanos en [formacion@agadea.org](mailto:formacion@agadea.org)

## INSCRICIÓN

O prazo de inscrición está aberto ata o 9 de febreiro

Para inscribirse é necesario cubrir o FORMULARIO DE INSCRICIÓN

## SOLICITAR MÁIS INFORMACIÓN

A [formacion@agadea.org](mailto:formacion@agadea.org)

Teléfono: 633 018 389

**ASOCIACIÓN GALEGA DE AXUDA AOS ENFERMOS CON DEMENCIA  
TIPO ALZHÉIMER**

**Sede: Rúa Salgueiriños de Arriba, 15 | 15706 | Santiago de Compostela  
[agadea@agadea.org](mailto:agadea@agadea.org) | [www.agadea.org](http://www.agadea.org) | 981 595 738 I 647 589 725**